



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com

## ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AULA DE ACOLLIDA.-

### **Natureza e fundamento.-**

No uso das facultades concedidas polo artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigos 2 e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladoras das Bases do Réxime Local e os artigos 15 e 20 e ss. Do R.D. Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa pola prestación do servizo de AULA DE ACOLLIDA.

### **Feito Imponible.-**

Constitúe o feito imponible desta Taxa a prestación do servizo de AULA DE ACOLLIDA, en canto servizo público de carácter social, para facilita-la conciliación da vida laboral coa vida familiar e que permitirá aos proxenitores deixar aos seus fillos no centro escolar antes do horario establecido para o comezo das clases. Este servizo prestarase nos CEIP Coirón (Dena) e As Covas (Meaño).

### **Base imponible.-**

A base imponible virá determinada polo prestación do servizo de AULA DE ACOLLIDA, dacordo co réxime de prestacións que se sinale.

### **Devengo.-**

O dereito da Administración a esixilo pagamento da taxa virá determinado pola adquisición da condición de usuario deste servizo.

### **Suxeito pasivo.-**

Serán suxeitos pasivos da presente taxa os usuarios, ou os titores legais destes, que se beneficien deste servizo.

### **Período impositivo.-**

Coincidirá coa permanencia efectiva no disfrute da prestación do servizo por parte do suxeito pasivo.

### **Xestión-Liquidación.-**

Liquidación será mensual e o pago farase efectiva dentro dos primeiros quince días de cada mes seguinte o vencido, mediante domiciliación bancaria que autorizará o solicitante ou titor, por escrito no intre de acadala condición de usuario.

### **Cotas/Tarifas.-**

- **Por asistencia a Aula de acollida sen almuerzo:** 1,50€/usuario/día.
- **Por asistencia a Aula de acollida con almuerzo:** 2,50€/usuario/día.

### Deducións no importe:

Estes importes reduciranse nun 20% polos seguintes conceptos e queda fixado:



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com

- Por pertencer a unha familia numerosa: 1,20€/usuario/día servizo sen almorzo-2,00€/usuario/día servizo con almorzo.
- Por pertencer a familia monoparental: 1,20€/usuario/día servizo sen almorzo-2,00€/usuario/día servizo con almorzo.
- Por asistencia de máis dun irman: 1,20€/usuario/día servizo sen almorzo-2,00€/usuario/día servizo con almorzo.

Estas deducións, en caso de concurrir máis dun concepto, non son acumulables, aplicándose a deducción só un.

## Entrada en vigor.-

A presente Ordenanza Fiscal reguladora desta taxa, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 11 de agosto de 2008 e entrará en vigor e empezará a aplicarse unha vez publicada a súa aprobación definitiva e o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Meaño, 7 de agosto de 2008

O Alcalde



Asdo. Jorge Domínguez Rosal

Diligencia: Poñoa eu a Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño, para facer constar que a presente ordenanza foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 11 de agosto de 2008.

Meaño, 12 de agosto de 2008

Asdo. M<sup>a</sup> Teresa Escudero Barral





# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> TERESA ESCUDERO BARRAL, Secretaria -Interventora do Ilmo. Concello de Meaño (Pontevedra).

## CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 10 de outubro de 2011, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

“5º.- MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DAS TAXAS POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS:

### 5.2.- AULA DE ACOLLIDA (PLAN MADRUGA).

O Sr. alcalde-presidente maniféstalles aos membros presentes da Corporación que desde o Concello de Meaño ven prestando o servizo que se denomina “AULA DE ACOLLIDA” dentro do PLAN MADRUGA, que consiste en que os proxenitores poden deixar aos seus fillos no centro escolar antes do horario establecido para o comezo das clases, permitindo a conciliación da vida familiar e laboral e vense prestando nos CEIP Coirón (Dena) e As Covas (Meaño).

Desde a aprobación da Ordenanza Fiscal Reguladora desta taxa, o 11 de agosto de 2008, non se modificaron as cotas-tarifas, non obstante a modificación proposta ven motivada, coma nas restantes modificacións propostas, pola evolución deste servizo e dos propios custos e para o que as tarifas existentes resultan moi deficitarias.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra o Sr. Pazos Castro quen pregunta porqué non figura na modificación proposta “Por asistencia a Aula de acollida con almorzo”

Contesta o Sr. Alcalde sinalando que esta modalidade de prestación non se está a realizar porque non se dispón de medios.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación aceptando o ditame proposta da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Sociais, con dous votos en contra do/a Sr./a García Fernández e Pazos Castro, e por nove votos a favor, acorda:

1º/ Modifica-las cotas/tarifas/deduccións da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do Servizo de Aula de acollida, quedando como segue:

#### “Cotas/Tarifas.-

\* Por asistencia a Aula de acollida: 2,00 €/usuario/día

#### Deduccións no importe:

1. Estes importes reduciranse:

a) Pola asistencia de 3 ou máis irmáns ou membros da mesma unidade familiar ou de convivencia, gozan dunha deducción do 30 % da cota tributaria desta taxa, e queda fixada en: 1,40 €/usuario/día.

b) Por pertencer a unha familia numerosa que acredite formalmente tal condición, de acordo coa normativa de aplicación na materia, gozan dunha deducción do 25 % da cota tributaria desta taxa, e queda fixada en: 1,50 €/usuario/día.

c) Pola asistencia de 2 irmáns ou membros da mesma unidade familiar ou convivencia, gozan dunha deducción do 20 % da cota tributaria desta taxa, e queda fixada en: 1,60 €/usuario/día.

d) De concorrer máis dunha destas circunstancias nun suxeito pasivo, só reultará de aplicación a máis beneficiosa.

e) Estes descontos só serán de aplicación aos residentes no termo municipal.

2. O titular do recibo terá dereito á deducción da cota á que se refire o punto primeiro, logo de solicitude dirixida ao Sr. alcalde do Concello de Meaño segundo modelo adxunto e acompañada da documentación seguinte:

a) Copia do DNI

b) Carné de familia numerosa ou título acreditativo, expedido pola Administración competente.

c) Certificado de convivencia/certificado de empadramento.

3. No caso de non resultar acreditadas as circunstancias que dan dereito á deducción, o Concello, logo de audiencia ao interesado, dictará a oportuna resolución denegándoa.

4. A deducción será practicada no seguinte mes da solicitude e acreditación das circunstancias que dan dereito a deducción, a partir de que esta sexa efectiva.

5. Calquera modificación das circunstancias que deron lugar ó aproveitamento da deducción deberá ser comunicado polo interesado ao Concello. A perda do dereito a deducción será efectiva a partir do período seguinte de recibo ó que a devandita modificación teña lugar.

**Entrada en vigor e data de aprobación.-**

A presente modificación que afecta á tarifa da Ordenanza Fiscal Reguladora desta taxa, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 10 de outubro de 2011, entrará en vigor o día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

2º/ Aprobar provisionalmente a modificación, nos termos sinalados no apartado 1º deste acordo, da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo de aula de acollida.

3º/ Expoñer ó público o presente acordo mediante edictos publicados no Taboleiro de Anuncios e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días hábiles para os efectos de que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que consideren oportunas, entendéndose definitivamente adoptado este acordo, sen necesidade de novo acordo, de non presentarse reclamacións.”

E para que así conste e para os efectos de unir ao expediente, expido e asino a presente coa reserva dos termos que resulten da aprobación definitiva da acta desta sesión, ao abeiro do artigo 206 do ROF, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Meaño a vintecatro de outubro de dous mil once.

Vº e Prace  
O alcalde

